

Operacións con números enteiros

Unidade 1: Os números e a súa utilidade I

Aula de informática

Obxectivos:

- Repasar as sumas, restas, produtos e divisións de números enteiros.
- Repasar as potencias de números enteiros
- Xerarquía das operacións. Utilización de parentes

Instrucións para acceder ao material de traballo:

- ✓ Acceder á páxina principal do proxecto Descartes escribindo na barra de direccións: <http://descartes.cnice.mec.es>
- ✓ Premer sobre "Unidades Didácticas" e en "1º ESO" seleccionar as seguintes unidades:
 - "Los números enteros", apartados 8, 9, 10, 11 e 12.
 - "Operaciones con enteros 2". tres últimos apartados.

Indicacións:

1. Le detidamente os apartados que se che indican e fai no teu caderno as actividades que se che propoñen.
2. Resposta nesta folla as cuestións que se propoñen a continuación, poñendo exemplos que axuden a comprender a resposta.

Traballo personal

6. Suma de números enteiros.

Le con atención e realiza as actividades que se propoñen no apartado 8 da U.D. "Los numeros enteros".

(http://descartes.cnice.mec.es/materiales_didacticos/enterosdesp/enteros1.htm)

Cando remates escribe neste espacio como se suman os números enteiros, distinguindo claramente cando teñen o mesmo signo ou distinto.

Pódese dicir que a diferenza de dous números enteiros é unha suma? Razo a resposta

7. Produto e división de números enteiros. Regra dos signos.

Le con atención e realiza as actividades que se propoñen nos apartado 9 e 10 da U.D. "Los numeros enteros".

http://descartes.cnice.mec.es/materiales_didacticos/enterosdesp/Multiplicar.htm

http://descartes.cnice.mec.es/materiales_didacticos/enterosdesp/dividir.htm

Explica como se aplica a regra dos signos a multiplican e a unha división de números enteiros.

8. Potencias

Realiza as actividades do apartado "La potenciación" da U.D. "Operaciones con enteros 2".

http://descartes.cnice.mec.es/materiales_didacticos/enteros2/potencias.htm

Explica como se achán as potencias de números enteiros. Pon exemplos que inclúan potencias con base positiva e negativa.

9. Manexar expresións con parénteses

Realiza as actividades dos apartados 9 e 10 da U.D. "Los números enteros".

http://descartes.cnice.mec.es/materiales_didacticos/enterosdesp/parentesis.htm

Explica con exemplos como se manexan os parénteses en expresións sinxelas.


10. Xerarquía das operacións

Realiza as actividades do apartado "Operaciones combinadas" da U.D. "Operaciones con enteros 2".

http://descartes.cnice.mec.es/materiales_didacticos/enteros2/opcombin.htm

Completa o seguinte esquema colocando cada operación no seu chanzo correspondente. Empezando pola chanzo máis baixo que representa as operacións que se deben efectuar en último lugar.

Ten en conta que neste esquema tamén se representan as potencias e que a curva que aparece por enriba do "podium" é o lugar que lle correspondería no esquema aos paréntese.



Efectúa paso a paso as seguintes operacións combinadas. Segue o esquema que se che propón como exemplo.

$-10+10:2*3-3 =$	$-10+5*3-3=$	$-10+15-3=$	$5-3=$	2	
$12*2:2^3-3=$	$12*2:8-3=$	$24:8-3=$	$3-3=$	0	
$-5(3-2^2)-2^3:8=$	$-5(3-4)-8:8=$	$-5(-1)-8:8=$	$5-8:8=$	$5-1=$	4
a) $2(15-7)^2-4^3 =$					
b) $3-2(2^4-3\cdot5)^5 =$					
c) $(3\cdot5^2-2^3\cdot5):7 =$					
d) $8(2-5)^3:6^2 =$					
e) $1-[2^3(5-3^2)]:32 =$					